

CIRCULAR 241

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

ABRIL / MAIO 2013

mpo

ollarse

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Marta Rivas Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 242 de maio/xuño de 2013,
e sairá a principios do mes de xullo de 2013.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de xuño.

- 5 **Información Xeral**
- 11 **Información das Seccións**
- 17 **Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**
- 18 **Grupo de Tráfico e Seguridade**
- 19 **Comisión de Ética e Deontoloxía**
- 21 **Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia**
- 23 **Cursos, Xornadas e Congresos**

Editorial

José Luis Sampedro, un século de indignación

*“Pero nós, que comprendemos a vida,
burlámonos dos números”*

O Princiño, Antoine de Saint-Exupéry

Ao longo da Historia, hai persoas que nos resultan, cando menos, inspiradoras. Admirables pola coherencia que desprenden nas súas palabras e nos seus actos. Por iso cando desaparecen, a perda séntese como algo máis intenso. É o caso do economista e humanista José Luis Sampedro, falecido o pasado 8 de abril. Hoxe en día, en que a economía está tan presente nas nosas vidas, cando nos cafés debatemos sobre a prima de risco, os mercados ou a corrupción, é inédito que un economista se converta nun referente ético. Isto é indicativo do perfil único de Sampedro: un escritor brillante, un economista lúcido, un intelectual comprometido.

A entrega dun recoñecemento a unha persoa admirada é un motivo de satisfacción e de alegría. En cambio, este ano o premio “Dolores Llópiz . Psicoloxía e Sociedade” ten un sabor en parte amargo, xa que coincide co pasamento do galardoador, José Luis Sampedro. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quixo recoñecer a súa sensibilidade, o seu compromiso, as súas reivindicacións pasadas e presentes, e a súa coherencia e a súa actitude persoal, calidades que reflectía o seu discurso alí onde lle fose dada a oportunidade de expresarse.

A defensa da persoa foi sempre un dos seus alicerces, alumeando desde hai anos como un faro solitario sobre os efectos



José Luis Sampedro Sáez.
Galardonado co Premio
Dolores Llópiz.
Psicoloxía e Sociedade 2013

dun capitalismo voraz que avanzaba implacable fundamentado no incremento cuantitativo, e non na calidade de vida do ser humano. E Sampedro reivindicaba os valores humanos e o deber de vivir, rebelándose contra a inxustiza social, na defensa da educación, da liberdade de expresión e sobre todo, da liberdade de pensamento.


“Educánnos mal, comezando por (...) agredir a inocencia da mente infantil, sementando dogmas, que é o contrario da liberdade de pensamento”, dixo no seu discurso cando o premiaron coa Orde das Artes e das Letras en 2010. Esa crítica á manipulación da cidadanía e á falta dunha educación no pensamento crítico, na análise, na razón, é unha parte da importante mensaxe humanista que nos deixa. O seu legado son as súas palabras, nas que fixo unha defensa acérrima da Vida, que sempre vemos escrita con maiúsculas nos seus libros.

Por iso moitos mozos e mozas descontentos atoparon nun ancián a todo un referente na loita e na defensa dunha sociedade máis xusta, e Sampedro deveu o espírito do 15-M e do movemento dos indignados. Foi un nonaxenario quen animou aos máis novos a dar batalla, para gañala ou para perdela, e a defender as liberdades e os dereitos, a clamar contra as inxustizas, a rebelarse e loitar contra a ditadura do medo que reprime a nosa capacidade de actuación baixo ameazas vertidas diariamente nos telexornais. Lonxe de acomodarse co paso do anos e pensar que estas guerras xa non eran as súas, Sampedro volveuse máis belixerante, cunha confianza cega na capacidade da xente máis nova, tan desprezada por outros que pretenden reducila a unha xeración perdida; consciente de que a fin do capitalismo é inminente e que o novo sistema está por definir, responsable como cidadán para que este futuro non sexa escrito de novo polos poderes económicos.

No programa Epílogo, que realiza entrevistas a personaxes para ser emitidas unha vez falezan, Sampedro falaba coa liberdade que sempre tivo, e despedíase co seu permanente sentido do humor e de rebeldía: “Agora que estou morto, todo me parece máis intolerable e así o comento cos outros mortos que me acompañan”. Non temos ningunha dúbida de que é así.

Relacións institucionais

Os días 4 e 5 de marzo a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada da Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, M^a Dolores Seijo Martínez, e da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, mantiveron senllas reunións co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, e co Subdirector Xeral de Medios da Administración de Xustiza, Rafael Juanatey Mayán. Nestas xuntanzas trataron temas como o listado de periciais, o funcionamento dos equipos de mediación intraxudicial, as oficinas de atención a vítimas e a posible colaboración entre ambos organismos en materia de seguridade viaria.



Mª Rosa Álvarez Prada

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión o 3 de abril coa Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, no que trataron sobre o Convenio de colaboración para 2013 entre ambas institucións en materia de violencia de xénero.



Ana Isabel Martínez Arranz

A Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, Isabel Vázquez Prado, asistiu o 17 de abril a unha reunión convocada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para a elaboración do Plan de Emerxencias Exterior (PEE) do Complexo Industrial A Grela-Bens da Coruña.

Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do GIPCE do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu a unha reunión co Equipo de Soporte de Coidados Paliativos da Fundación Pública Hospital do Salnés para abordar o tema de comunicación de malas novas.



En representación do Colexio

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada do Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, da Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Olega-

ria Mosqueda Bueno, da Presidenta da Sección de Psicología Xurídica, Dolores Seijo Martínez, da Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social, M^a Jesús López Cernadas e do Vogal da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, impartiron unha charla de orientación, dirixida ao alumnado que remata os estudos de Psicología, co obxectivo de ofrecerlles unha visión xeral dos perfís profesionais da Psicología nos distintos ámbitos de traballo. O acto tivo lugar o 10 de abril no salón de actos da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.



M^a Jesús López Cernadas

M^a Jesús López Cernadas, Isabel M^a Varela Castiñeiras e Montserrat Pérez Suárez, Presidenta, Vogal e Socia respectivamente da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, asistiron á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 12 de abril en Santiago de Compostela.



Xavier Sardiña Agra

Presidente da Sección de Psicología Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu o 15 de abril á reunión do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á “I Xornada de presentación do modelo de intervención en entornos naturais” en Atención Temperá, organizada polo Gabinete de Psicología Arca e celebrada o 20 de abril en Vigo.



Concepción Rodríguez Pérez

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicología e Igualdade de Xénero do Consejo General de COP, que tivo lugar



José Luis Domínguez

en Madrid o 9 de marzo. A esta mesma reunión asistiu como convidada do Consejo a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada.

O Coordinador da Sección de PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de PTORH do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 1 de marzo.



Eva Muíño Gómez

O Coordinador da Sección de PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, e os Vogais da citada Sección, M^a Concepción Prado Álvarez e Carlos Montes Piñeiro, asistiron ao “Obradoiro Práctico sobre a Norma ISO 10667 e a súa aplicación” organizado pola División de PTORH do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 2 de marzo.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión de Secretarías e Secretarios de COP celebrada en Madrid o 16 de marzo.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de COP celebrada en Madrid o 6 de abril.

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 13 de abril.

Sinatura dos convenios de mediación intraxudicial

Recentemente asináronse os convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Presiden-

cia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Ourense para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e en Ourense para 2013.

Sinatura dun convenio de colaboración co ISSGA

A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Adela Quinzá-Torroja, e M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), subscribiron un acordo marco de colaboración entre as entidades que representan para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais, e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

Máis información na páxina web do Colexio www.copgalicia.es

O COPG participa nunha comisión cívica de Ourense para tratar desafiuzamentos

O Colexio foi convidado polo Concello de Ourense a participar nunha comisión cívica para traballar sobre propostas relacionadas coa problemática dos desafiuzamentos na cidade de Ourense. Á reunión constitutiva da citada comisión, que tivo lugar o 21 de marzo, acudiu en representación do COPG a súa Decana, M^a Rosa Álvarez Prada.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

Declaración da renda

Serán gastos a deducir as cotas colexiais, ata un máximo de 500. Máis información na Asesoría Fiscal do COPG:
José Luis Iglesias Sexto
Tfno.: 981 588 770
Venres de 9.00 a 13.00 horas.

Cotas 2º semestre

O vindeiro 1 de xullo pasarase ao cobro o recibo correspondente ao 2º semestre de 2011.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Ás seguintes reunións, que tiveron lugar o 4 e o 18 de abril, asistiron en representación do Colexio Xosé Ramón García Gómez, membro da comisión coordinadora do GIPCE, e M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG respectivamente.

Fallo da VIII Edición da Beca Siota de investigación en Psicoloxía do COPG

O Comité Seleccionador da VIII Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, reunido en Santiago de Compostela o 5 de marzo de 2013, acordou a concesión da Beca ao proxecto “Programa de adestramento en cognición e competencia social en doentes con dano cerebral traumático”, presentado por Yolanda Maroño Souto, colexiada G-04004. As seguintes reunións, que tiveron lugar o 4 e o 18 de abril, asistiron en representación do Colexio Xosé Ramón García Gómez, membro da comisión coordinadora do GIPCE, e M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG respectivamente.

Reunión coa Asociación Galega de Dislexia - AGADIX

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, mantiveron o 5 de marzo e o 4 de abril na sede do COPG reunións con representantes da Asociación Galega de Dislexia (AGADIX), que tiveron como eixo central a presentación no COPG das actividades que está a levar a cabo dita Asociación con nenos e nenas con dislexia, así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

Reunión coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia - ACADAR

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 12 de marzo na sede do COPG unha reunión con representantes da

Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG das actividades que está a levar a cabo dita Asociación, así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

Colaboración coa Federación Galega de Dano Cerebral - FEGADACE

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre o COPG e FEGADACE, o Colexio participou nun proxecto da citada Federación consistente na divulgación a través do seu blog da problemática e repercusión do dano cerebral adquirido desde unha perspectiva multidisciplinar.

Para tal fin o COPG, aportando o punto de vista da Psicoloxía, presentou o artigo “Neuropsicoloxía do Dano Cerebral Adquirido: Breve resumo da situación actual”, elaborado por Vanessa Vilas Riotorto, psicóloga colexiada G-3889.

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/pages/Colexio-de-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia/272841862843280?ref=hl>

t Twitter: [@copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

□ *Curso sobre medos, fobias e terrores infantís*

Os días 1 e 2 de marzo tivo lugar no Centro Asociado da UNED en Pontevedra, o curso “Medos, fobias e terrores infantís”. Foi impartido por **Raquel Espantoso San José**, Psicóloga Clínica e Directora do Centro de Psicoterapia Agarimo (Pontevedra) e coordinado por **Luis Carlos Álvarez García**, Vogal da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

Seguindo un enfoque clínico, abordouse a avaliación e a intervención nos trastornos de ansiedade na etapa infantil.

Formación

A Sección está traballando na programación dos vindeiros cursos. Neste momento podemos adiantar a seguinte información que poderedes atopar ampliada e actualizada no apartado de novas da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=41

□ *Xornada “A Psicoloxía Clínica en atención primaria”*

Co-organizada pola Asociación de Psicólogos do SERGAS, a Asociación Galega de Saúde Mental, a Asociación de Psicólogos Interno Residentes de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, os días 30 e 31 de maio terá lugar no antigo Hospital San Roque de Santiago de Compostela a **Xornada “A Psicoloxía Clínica en Atención Primaria: Propostas para a súa aplicación no Servizo Galego de Saúde”**.

Especialistas en Psicoloxía Clínica e Medicina familiar e comunitaria analizarán a oferta asistencial aos problemas relacionados coa saúde mental así como as posibilidades que a psicoloxía clínica pode aportar tanto a nivel preventivo como asistencial.



Momento do curso

A Xornada tamén contará cun obradoiro sobre o tratamento grupal dos trastornos de ansiedade, impartido por **Julio César Martín García-Sancho**, Psicólogo Clínico e Xefe de Servizo de Programas Asistenciais da Subdirección de Salud Mental do Servicio Murciano de Salud. É coautor de varios libros e numerosos artigos sobre o tratamento psicolóxico dos trastornos de ansiedade.

□ Curso “*Intervención en docentes con enfermedad física crónica*”

Será impartido na Coruña os días 4 e 5 de outubro por **Jorge García Fernández**, Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e coordinado por **Francisco Javier Sardiña Agra**, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

□ Curso “*Autopsia psicolóxica*”

A relatora deste curso, que esperamos celebrar no mes de novembro en Ferrol, será **Blanca Guevara Werlang**, Doutora en Psicoloxía e autora da “Entrevista semiestructurada para autopsia psicolóxica en casos de suicidio”. **Manuel Castro Bouzas**, Tesoureiro da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG será o encargado da coordinación do mesmo.

Asemblea Extraordinaria de Socios/as da Sección

Por acordo da Asemblea de Socios/as da Sección, celebrada nas pasadas Xornadas de Psicoloxía Clínica no mes de novembro de 2012, celebrarase unha Asemblea Extraordinaria de Socios/as da Sección o vindeiro 21 de xuño de 2013 para tratar a proposta de modificación do nome da nosa Sección e dos criterios para ser Socios/as da mesma. Previamente a esta Asemblea Extraordinaria os/as socios/as recibirán as propostas da Xunta Directiva.

AVISO

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Xornadas

A Sección de Psicología Educativa do COPG celebrou os días 15 e 16 de marzo, na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela, as Xornadas “Educación sexual: Unha nova mirada”. Baixo a coordinación de **Manuela del Palacio García**, Vicepresidenta da Sección de Psicología Educativa do Colexio, participaron como relatoras **Mercedes Oliveira Malvar**, Catedrática de Filosofía no I.E.S. Alexandre Bóveda de Vigo e Doutora en educación sexual; **María Lameiras Fernández**, Profesora Titular de Psicología da Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos na Facultade de Ciencias da Educación no Campus de Ourense da Universidade de Vigo e Vicerrectora do Campus de Ourense; e **Raquel Platero Méndez**, Departamento de Ciencia Política e Administración II da Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía da Universidad Complutense de Madrid (UCM) e Investigadora do Proxecto Hermes na UCM. O obxectivo das Xornadas foi analizar a diversidade afectivo sexual na sociedade actual a través da reflexión, debate e obradoiros.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología Educativa da páxina web do COPG: <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=191>



Momentos das Xornadas



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Formación

En colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Boimorto (A Coruña), a Sección de Psicología da Intervención Social do COPG celebrou o 19 de abril o Taller “Avaliación, prevención e intervención no maltrato a persoas maiores”.

Impartido por **Raquel Malvárez García**, Psicóloga e Terapeuta, e orientado a profesionais da psicología, traballo social, educación social, persoal coidador e calquera outro profesional que traballe en relación as persoas maiores, intentamos abordar a temática do maltrato, neste caso, na terceira idade.



Momento do Taller

Informacións

□ Recordamos que se están a preparar outros 3 obradoiros nos que se abordará o tema do maltrato pero en diferentes sectores da poboación como son a muller e os menores. Estes obradoiros organizaranse na provincia de Lugo, Pontevedra e Ourense, aínda pendente de confirmar o concello, para que todos os psicólogos e psicólogas que traballen nese ámbito poidan acceder a esta formación.

□ No ámbito dos Servizos Sociais, destacar o anteproxecto de Lei para a reforma da administración local que promove o goberno central que quere reformar aspectos neste ámbito pero que aínda non sabemos como vai quedar e tamén destacar a reforma da administración pública anunciada polo goberno autonómico de Galicia. As persoas afectadas por estas reformas deberán estar atentas polas cuestións que lles poidan afectar.

Animamos a enviar suxestións, a través do correo electrónico do Colexio, e tamén invitamos a visitar a páxina web da Sección no apartado de documentación da sección para ir coñecendo a nova normativa que vai saíndo que consideramos importante para o exercicio da profesión.



Enlace ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Condicións de traballo e riscos psicosociais

O pasado 9 de marzo, a Sección organizou un Foro sobre “O rol da psicoloxía na intervención de riscos laborais”, onde se abordaron cuestións relativas á psicopsicología aplicada ás condicións de traballo e distintas aportacións para a prevención de riscos. O Foro celebrouse na Facultade de Psicoloxía da USC e contou coas intervencións de **M^a Jesús Copa Arias**, do ISSGA da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia; **Carlos Montes Piñeiro**, Coordinador do Grupo de Traballo de Saúde e Benestar Ocupacional do COPG e **José Luis Domínguez Rey**, Coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.

Esta actividade colexial é a primeira que de forma conxunta celebraron o ISSGA e o COPG, e se inserta no marco do convenio de colaboración que ambas entidades firmaron recentemente. A Sección de PTO seguirá perfilando outras actividades de información e formación en temas vinculados á prevención de riscos psicosociais.

A Norma ISO 10667. Formación

No Foro celebrado en Santiago de Compostela el pasado mes de setembro sobre as TIC e Recursos Humanos, con motivo do Encontro Anual da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General del COP, presentouse a Guía de las buenas prácticas para evaluar contextos laborales e debateuse sobre a adaptación da NORMA ISO – 10667 para regular tal ámbito de actuación profesional. Desde entón a Sección de PTO participou con AENOR e outras entidades e institucións no desenvolvemento da adaptación da Norma. Neste sentido o Consejo General de COP e a División PTORH organizou o pasado mes de marzo en Madrid un obra-



Momento do Foro do 9 de marzo



doiro coa asistencia de 30 Colexiados e Colexiadas dos distintos Colexios territoriais. Este grupo de profesionais que seguirá a súa formación presencial e on-line ata o mes de xuño, servirá de referencia para que cada Colexio profesional nun futuro próximo poida organizar o seu circuíto de formación para os seus Colexiados e Colexiadas en competencias para avaliar ámbitos laborais de acordo coa citada norma internacional. Unha vez que o Consejo General de COPG e a División PTORH establezan as características e criterios para esta formación, informarase sobre o particular.

Sesión informativa PTO: Estudiantes de Grao

A Sección de PTO, en colaboración coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, organizou o pasado 24 de abril unha sesión cos estudantes de Grao de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións na que se abordaron temáticas profesionais, mercado de traballo e cuestións relacionadas coas competencias no ámbito dos recursos humanos. Entreviú **Julio Iglesias Rodríguez**, Responsable do Centro de Formación do Grupo PSA PEUGEOT-CITROEN, que disertou sobre “Empleabilidade e competencias”.

Congreso: Formación para o traballo

O vindeiro mes de setembro celebrárase en Ourense o Congreso internacional de Galicia e norte de Portugal de formación para o traballo co lema “A formación, orientación e o emprego. Determinantes na vulnerabilidade social”.

Máis información: www.usc.es/gefil/xvcongreso-galicianorteportugal/paginaprincipal.html.

Afiliación na División PTORH

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos Colexiados e Colexiadas do COPG a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.



Momento da Sesión informativa

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Formación prevista

□ *Intervención en Crise: Evolución do trauma*

Este curso terá un número de prazas dirixidas a colexiados e colexiadas que non sexan membros do GIPCE. Celebrarase o 31 de maio e 1 de xuño e será impartido por **José Navarro Góngora**, Profesor Titular de Terapia Familiar na Universidade de Salamanca e Director do Máster Universitario de Intervencións de Psicoterapia. Dentro deste, coordina o Programa de Intervención en Crises, no que trata todo tipo de situacións traumáticas. Traballo como consultor de Programas de Psicología da Saúde e de Intervencións en Crises para a Unión Europea en Asia Central.

□ *Xornada práctica sobre a intervención en centros escolares*

Será unha xornada de formación interna na que o Grupo de traballo de intervención en centros escolares presentará o protocolo de intervención elaborado para estes escenarios. Tamén se traballará sobre intervencións do Grupo nestes ámbitos. Celebrarase no último trimestre deste ano. A data está aínda por determinar.

Formación para a AGASP

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), aceptou a proposta presentada polo GIPCE para impartir un curso dirixido a voluntarios/as das agrupacións de Protección Civil. O curso sobre “**Apoio psicolóxico básico e manexo do estres nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofe**”, abordará nas súas 16 horas presenciais técnicas básicas de apoio psicolóxico e tamén o manexo do estres e o autocoidado emocional. Celebraranse en dúas sesións que terán lugar o 14 e 15 maio (1ª Edición) e o 21 e 22 de maio (2ª Edición) impartidas por **Olegaria Mosqueda Bueno** e **Carmen Patiño García**, ambas membros do Grupo de Gardas do GIPCE.

Informacións

□ *Acordos da Comisión Coordinadora*

Na xuntanza do 25 de febreiro acordouse, co fin de xestionar mellor os recursos do Grupo, a través do Skype. A primeira tivo lugar o pasado 15 de abril. A partir de agora estas reunións

alternaranse coas reunións presenciais. Empezarase a cobrar unha cota de inscrición aos membros do GIPCE nos cursos de formación interna con docentes externos. Esta cota comezará xa para o curso maio-xuño.

Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203

Sesión formativa

O pasado 16 de marzo celebrouse a primeira reunión do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, na que se desenvolveu a Sesión Formativa “Avaliación das demencias no ámbito da **condución**”. Foi impartida por **Juan Manuel Bonome Rodal**, Psicólogo da Coruña, Experto en demencias e alzheimer. Debido ao alto interese no tema e en función da demanda de afondar máis nos instrumentos de avaliación de demencia, na reunión do Grupo tomouse a decisión da realización **dunha segunda parte desta sesión formativa sobre avaliación das demencias** para o vindeiro mes de xuño impartida polo mesmo relator.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Informacións

Nesta reunión do Grupo tamén se informou da novidade da participación do Grupo de Tráfico e Seguridade no desenvolvemento de varios grupos de Xornadas de Concienciación estea no 2013, así como do comezo do Programa Psicovial. Co apoio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, dará comezo no mes de xuño un grupo do Programa Psicovial en Santiago de Compostela, e un grupo de Xornadas de Concienciación en Ferrol.

Informámosche que a vindeira reunión do Grupo será o 15 de xuño de 2013.



Momento da Sesión formativa

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Dilemas éticos na práctica da psicoloxía

A formación en ética diríxese a que os psicólogos e as psicólogas asumamos a práctica da profesión dun modo responsable. Pera a ética non é unha intuición, non é unha bagaxe de experiencia, a ética é coñecemento científico que unindo bases teóricas con práctica profesional permite dispoñer de ferramentas para actuar, para abordar e exercer eticamente a profesión.


A nosa profesión ten como finalidade o ben individual pero tamén o ben común, o interese público e os profesionais que xa exercemos –en calquera ámbito– temos unha responsabilidade ante o cliente/paciente e ante a sociedade.

Con esta reflexión invitamos a máis reflexión. Cando a nosa práctica profesional non suscite incertidume, antes de tomar unha decisión, promovamos a conciencia crítica de maneira que, tendo como base un conxunto de criterios éticos, analicemos, en cada caso, as diferentes alternativas posibles.

Porque na nosa práctica diaria temos que preservar a nosa identidade profesional e non deixarnos caer nunhas identificacións que nos dean desde fora (clientes, institucións...), non sucumbir ao síndrome de Zelig, é dicir, psicólogos e psicólogas “á carta”, facer só aquilo que se nos demanda asumindo roles segundo o entorno.

A nosa profesión guíase por uns principios (comúns a outras profesións) que nunca debemos perder de vista na nosa práctica: beneficencia (facer o ben); non maleficencia (non causar dano. Primun non nocere); autonomía (expésase no dereito de confidencialidade e o consentimento informado) e xustiza (alude ao dereito de toda persoa a ser tratada con equidade).

Os códigos deontolóxicos non constitúen o todo ético, nin sequera o todo moral, pero son unha guía, unha regulación do exercicio profesional que ofrece uns principios xerais para conducir a conduta en situacións de implicacións éticas. Cando se producen estas situacións conflitivas hai un dilema e este dilema implica un proceso de toma de decisións que conleva deliberación, reflexión e, por ilo, para resolver dilemas éticos é necesario dotarse de coñecementos teóricos e práctica.



Revolver dilemas éticos é un desafío ao que nos enfrentamos cada vez máis os psicólogos e psicólogas e para ilo, insistimos, é necesario que teñamos coñecementos de razoamento ético, que nos permitan actuar ante a complexidade do feito que se nos presenta.

Un dilema ético é un conflito entre valores ou principios que non poder ser aplicados simultaneamente na mesma situación e que fan dudar ao/á psicólogo/a sobre o modo de actuar axeitado. É dicir, o dilema ético suscítase cando existen contradicións entre valores e principios e temos incertidume pero hai que tomar unha decisión. Xestionar a ambivalencia convértese nun asunto individual a partir da pluralidade de abordaxes posibles dos dilemas éticos. Hai uns pasos a seguir para levar a cabo o razoamento ético e o camiño vai a estar en función do modelo teórico que adoptemos. Cada profesional debe buscar o seu propio itinerario de acción segundo o modelo ao que se acolla. Entre os modelos éticos podemos citar: Modelos xenéricos, modelos sobre principios e competencias e modelos relevantes para o principio de autonomía.

A modo de síntese podemos dicir que cando nos atopamos ante un dilema ético todos os modelos sinalan, ao menos, os seguintes pasos:

1. Analizar as fontes informativas. Presentación do caso. Deliberación sobre os feitos.
2. Identificar os principios que se contradín. Identificar o problema ético.
3. Identificar os cursos de acción posibles. Ver se esa decisión adopta as probas de consistencia avaliando as repercusións de esa decisión.

Artigo 25º

Cando se faga cargo dunha intervención sobre persoas, grupos, institucións ou comunidades, o/a psicólogo/a ofrecerá a información adecuada sobre as características esenciais da relación establecida, os problemas que está abordando, os obxectivos que se propón e o método utilizado. No caso de menores de idade ou legalmente incapacitados, farase saber aos seus pais ou titores.

En calquera caso, evitárase a manipulación das persoas e tenderase cara á consecución do seu desenvolvemento e autonomía.

Artigo 48º

Os informes psicolóxicos haberán de ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o/a seu/súa destinatario/a. Deberán expresar o seu alcance e limitación, o grao de certeza que sobre os seus varios contidos teña o informante, o seu carácter actual ou temporal, as técnicas utilizadas para a súa elaboración, facendo constar en todo caso os datos do/a profesional que o emite.

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-4732	Bello Rey, María Del Pilar
G-4733	Fernández Domínguez, Isabel
G-4734	Peón Abillera, David
G-4735	Canto Rancaño, M. Concepción
G-4736	Vázquez Santiago, Iria
G-4737	Agulla Mendiña, Beatriz
G-4738	Rey Abelleira, Verónica
G-4739	Vázquez Presedo, Ana Belén
G-4740	Souto Codina, Rosario
G-4741	Segade Beis, Beatriz
G-4742	Martínez Molares, María
G-4743	Negreira Rodríguez, Javier
G-4744	Negreira Barcanda, Ángela
G-4745	Reigosa Varela, María Teresa
G-4746	Fernández González, Nuria
G-4747	Espiñeira Neira, Domingo Antonio
G-4748	Sarmiento Fernández, Antía
G-4749	García Patiño, Iria
G-4750	Casal Vázquez, Patricia
G-4751	Cerviño Trillo, Laura María
G-4752	Oitaven Vázquez, María Cristina
G-4753	Rois Díos , Ana María De Jesús
G-4754	García Rodríguez, María Jesús
G-4755	Parente Gestido, Teresa
G-4756	Gómez Magariños, Sonia

G-4757	Piñeiro Anllo, María Isabel
G-4758	Blanco Freire, Judit
G-4759	Pereyra García, Lucía
G-4760	Baños Carril, Patricia
G-4761	Babarro Calviño, Julia
G-4762	Lamas González, Ana
G-4763	González Iglesias, Beatriz
G-4764	López Villar, Marta Mª
G-4765	Álvarez Suárez, Joana
G-4766	Rego Ribeiro, Patricia Mª Tamara
G-4767	Besada Fernández, Rebeca Emma
G-4768	Ballesteros Prieto, Aldara
G-4769	Viso González, María
G-4770	Vázquez Pérez, Patricia
G-4771	Fernández Fernández, Claudia
G-4772	Rodríguez Gómez, Rubén
G-4773	Cousillas Suárez, Pablo Salvador

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1


VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XORNADAS “A PSICOLOXÍA CLÍNICA EN ATENCIÓN PRIMARIA.
PROPOSTA PARA A SÚA APLICACIÓN NO SERVIZO GALEGO
DE SAÚDE”

Datas: 30 e 31 de maio de 2013

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Asociación de Psicólogos Clínicos do Sergas
Co-organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia,
Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes e
Asociación Galega de Saúde Mental



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicológos

tem

de

mo